

## VII CERTAME LITERARIO “RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ”.

### BASES

1.- O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado boirense e os boirenses convocan o VII Certame literario “Ramón Martínez López” nas modalidades de conto, relato e poesía. Con esta denominación preténdese salientar a figura deste fillo predilecto boirense, (1907-1989), un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, profesor na universidade de Texas, membro destacado do histórico Partido Galeguista.

2.- Poderá concorrer o alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e os nados ou residentes en Boiro.

3.- As obras estarán escritas en lingua galega, serán inéditas e de tema libre.

4.- Cada participante poderá presentar un único traballo.

5.-Categorías e modalidades:

#### NARRATIVA:

Categoría A: 3º e 4º de primaria.

Modalidade conto: máximo 2 folios.

Categoría B: 5º e 6º de primaria.

Modalidade conto: máximo 4 folios.

Categoría C: 1º e 2º de ESO.

Modalidade relato: máximo 8 folios.

Categoría D: 3º e 4º de ESO..

Modalidade relato: máximo 12 folios.

Categoría E: bacharelato e formación profesional.

Modalidade relato: máximo 20 folios.

Categoría F: poboación en xeral.

Modalidade relato: máximo 20 folios.

#### POESÍA:

Categoría G: 1º, 2º, 3º e 4º de E.S.O. e os poemas serán como máximo de 70 versos.

*Categoría H: bacharelato e formación profesional e os poemas serán como máximo de 90 versos.*

*Categoría I: poboación en xeral e os poemas serán como máximo de 110 versos.*

*6.- Premios:*

*NARRATIVA:*

*Categoría A: conto: 1º premio 80 €, 2º premio: 50 €, 3º premio: 30 €.*

*Categoría B: conto: 1º premio 80 €, 2º premio: 50 €, 3º premio: 30 €.*

*Categoría C: relato: 1º premio 80 €, 2º premio: 50 €, 3º premio: 30 €.*

*Categoría D: relato: 1º premio 120 €, 2º premio: 80 €.*

*Categoría E: relato: 1º premio 120 €, 2º premio: 80 €.*

*Categoría F: relato: 1º premio 145 €.*

*POESÍA*

*Categoría G: 1º premio 80 €.*

*Categoría H: 1º premio 80 €.*

*Categoría I: 1º premio 80 €.*

*7.- Os textos presentados polo alumnado de primaria poderán vir escritos a man. Os textos dos alumnos de secundaria e poboación en xeral deberán vir impresos por unha cara a 1,5 espazos con letra Arial e tamaño 12.*

*8.- O xurado poderá declarar deserto algún premio ou concedelos “ex aequo”.*

*9.- Os traballos poden presentarse ata o 12 de maio de 2015 na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura “Ramón Martínez López”). As obras deberán conter soamente o título, carecendo de detalles que poidan identificar ao autor. Acompañando aos orixinais nun sobre pechado incluíranse no interior os datos do autor: nome, apelidos, enderezo, teléfono e centro educativo. No exterior do sobre indicárase o título da obra, a categoría e a modalidade á que se presenta.*

*10.- Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello de Boiro, que terá dereito a editalas. Os autores quedan libres para reproducir e utilizar os traballos do xeito que estimen oportuno. Os traballos non premiados poderán ser retirados durante o mes seguinte á data do fallo do xurado.*

*11.- O feito de participar supón a aceptación destas bases.*